

ÉXITO DE PÚBLICO NO 13º EVENTO IMPLÍCATE

Artes pola cooperación e o desenvolvemento

REDACCIÓN 15 XANEIRO 2018 12:39 H.



O evento anual co que a ONG Implicadas no Desenvolvemento atinxiu o domingo a súa décimo terceira edición. A mestura e o cruzamento de artes, nun serán conducido pola poeta **Yolanda Castaño** e o actor **Mon Santiso**, volveron caracterizar o Implícate. Como cada ano desde 2006, o Teatro Principal de Santiago de Compostela acolleu, con boa entrada, as actuacións.

Coa voz de **Sonia Lebedynski** arrincou o desfile de poetas, escritores, músicos e mesmo acróbatas. “A misión principal do espectáculo”, relataba a Sermos escritora e tradutora **María Reimóndez**, fundadora da organización hai 20 anos, “é visibilizar o traballo de Implicadas, que a cidadanía se achegue ao noso labor a través da arte”.



Intervencións laudatorias do activismo como a de **Suso de Toro**, ou a lectura de poemas de **Verónica Martínez Delgado** e **Ismael Ramos**, colocaron o elemento literario sobre as táboas do principal. Axudou tamén o monólogo cómico do actor -coñecido polo

seu traballo en *Land Rober* ou *Air Galicia*- **ISI** e a intervención da actriz **Marta Iglesias**, parte acrobática incluída.

A dimensión musical quedou ben, e variadamente, cuberta. A francesa, asentada no rural ourensán, **Mounqup** amosou os seus experimentos coa voz e a súa manipulación electrónica, nalgún lugar derivado de **Björk**. Xacarandaina ocupouse da tradición: música e baile. A **Atrás Tigre** e o seu indie pop melancólico tocoullem pechar.

Reimóndez reclamaba uns días antes da celebración do Implícate 18 maior atención para a cooperación e o desenvolvemento. “Desde 1998 até agora vemos un retroceso tremendo nas políticas de financiamento público á cooperación e desenvolvemento”, expuña, “polo que vemos esencial conseguir aumentar o compromiso social”. Para iso serviu, tamén, o serán do pasado domingo.

Nota: a banda Atrás Tigre, que pechou Implícate 18. Foto: Implicadas no Desenvolvemento.